

O PAÍS DAS MARABILLAS

Alice Rohrwacher, 2014

1274

ESTREA EN NUMAX: 18.04.2024 | V.O.S.E. | 110 min

Fin do verán nun pobo da Umbría italiana. Gelsomina vive cos seus pais e as súas tres irmás pequenas nunha granxa destartalada na que se dedican á produción de mel. As mozas crecen afastadas de todos xa que o seu pai cre que se achega o fin do mundo e prefire o contacto coa natureza.

«Rohrwacher, dona dun estilo contundente e silvestre, tira sen disimulo dun neorrealismo de corte máxico, felliniano»

Carlos Marañón, CINEMANÍA



Entrevista con Alice Rohrwacher: «Antes non se falaba do pasado e agora sobreexponse, antes fuxíase do campo e agora explótase por diñeiro»

Por Diego Lerman

Nalgunha entrevista dixeches que o título *O país das maravillas* é unha declaración de amor ao concepto de maravilla. Explícanos esta cuestión. O título en español é El país de las maravillas, pero o orixinal é só “As maravillas” (Le meraviglie). Para min é unha palabra que ten dous significados, por unha banda é unha palabra da que se abusa moito en Italia sobre todo na publicidade, pero ao mesmo tempo é unha palabra moi linda porque vén de “mirar”, do latín mirare (admirar), e é algo que entra cos ollos e que non se pode dicir coa boca. Gustábame facer unha referencia ao mirar no título, porque se pode estar a falar durante corenta horas sobre o personaxe ou a historia pero ao final é unha experiencia visual, non é unha experiencia dramática.

A película fala do esfarelamento de varias cousas, quixeches facer unha metáfora de como se está derrubando a sociedade occidental nos últimos anos? Non exactamente, pero se ti o viches así, perfecto. Para min é máis un reflexo de como destruímos o campo e agora téntase revender como atracción turística. É unha paisaxe dun abandono moi repentino, é un cambio moi brusco o de utilizar o pasado dun pobo para facer paquetes turísticos. Antes non se quería falar do pasado e agora sobreexponse, fuxíase do campo e agora vólvese para explotalo por diñeiro.

Vese tamén na película unha crítica na figura do pai para aferrarse a un mundo pechado e non ampliar as miras... O pai convértese nunha figura positiva no momento no que a súa filla pódoo comprender. Non se se vistes *O sal da terra* (Wim Wenders, 2014), pero nela hai un momento no que Juliano Salgado di: “o meu pai nunca estaba aí, pero comprendino”. Esta frase emocionoume, ese momento no que o fillo é máis grande que o seu propio pai. O teu pai ten unha misión e ti tes que comprendelo como home e como pai, e neste caso pareceume que Gelsomina era capaz de facelo, a pesar de que el é moito menos heroico que Salgado, claro.

A película ten un aura felliniana que é moi curiosa, pero noutras entrevistas, cando che preguntaron por iso, dixeches que unha influencia de verdade adoita ser inconsciente. A miña pregunta é, no teu inconsciente, que influencias tes para sacar esas imaxes que lembran tanto a Fellini? Hai unha referencia directa a Fellini porque Gelsomina é o nome dun personaxe de *La Strada* (1954), pero na película ese nome puxéronllo os seus pais. Ela chámase Gelsomina, a súa irmá Marinella, outra Caterina... Todos son personaxes de libros, de música, de cinema e era para contar como dúas persoas que aman o campo e viven afastados tamén aman a cultura, e a cultura que eles aman é a mesma que amo eu. A de Fellini, a de De André, Elsa Morante... Sobre as influencias, se son inconscientes é difícil sabelo. E menos mal que non o sei porque se o soubese non conseguiría sacalas.

Cando rodaches esta película pensaches que ía ter tanta repercusión en festivais como Cannes ou Sevilla? Como cambiou a túa vida como directora despois de recibir os premios que recibiches neses festivais? Se fose así sería moi fácil gañar premios, “estou a facer unha película que gañará un Óscar” (risas). Nunca se sabe, cando estás a traballar pareceche todo un desastre. A miña vida non cambiou e non concibo pensar a vida desta maneira na que uns premios te cambien. Hai moita máis responsabilidade pero tamén moita felicidade.